

RESUMO DOS ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES DA PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS (Pódese ver a programación completa na páxina web do instituto)

1.AVALIACIÓN:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓNS

- **Probas escritas:** Na resolución dos exercicios destas probas, a ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero, se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, terase en conta a presentación e desenvolvemento do problema. Se un alumno falta a un exame sen xustificación, a súa cualificación no mesmo será de 0 puntos. Para a súa realización outro día, os pais ou tutores legais deberán xustificar dita ausencia. Se algún alumno é sorprendido nun exame copiando, sexa dun modo manual ou utilizando un dispositivo electrónico, deberá entregar o seu exame e levará nel un 0.
- Rexistro de observación do **caderno de clase**
- Rexistro do **traballo diario** mediante a observación directa do alumno, tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese polo traballo, a atención, a súa participación na clase e nos traballos comúns, os seus hábitos de traballo diario.Os traballos presentados fora de prazo e forma, cualificaranse con 0 puntos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO.

As cualificación de cada avaliación levaranse a cabo mediante unha valoración numérica do 1 ó 10 (sen decimais)

A cualificación **en cada avaliación** obterase a partir dos seguintes criterios de cualificación:

- **Probas escritas (80% da nota de avaliación):** de todos os exames realizados no trimestre calcularase a nota media. As distintas probas escritas poderán ser ponderadas en proporción á amplitude dos coñecementos requiridos para superar satisfactoriamente cada unha.
- **Traballo e actitude diario na clase (20% da nota da avaliación):** de todas as notas recollidas na clase no trimestre correspondentes a estes aspectos calcularase a nota media.

A cualificación por avaliación corresponderá á suma dos puntos anteriores correspondentes, redondeada ó enteiro máis próximo. Se esta cualificación é maior ou igual a 5 o alumno estará aprobado.

A cualificación **final do curso** será a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo de esta media se considerarán as notas con decimais obtidas en cada avaliación e se redondeará ó enteiro máis próximo. Se esta cualificación é maior ou igual a 5 o alumno estará aprobado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO BACHARELATO.

As cualificación de cada avaliación levaranse a cabo mediante unha valoración numérica do 0 ó 10 (sen decimais)

A cualificación en cada avaliación obterase a partir dos seguintes criterios de cualificación:

- **Probas escritas (90% da nota de avaliación):** de todos os exames realizados no trimestre calcularase a nota media. As distintas probas escritas poderán ser ponderadas en proporción á amplitude dos coñecementos requiridos para superar satisfactoriamente cada unha.
- **Traballo e actitude diario na clase (10% da nota da avaliación):** de todas as notas recollidas na clase no trimestre correspondentes a estes aspectos calcularase a nota media.

A cualificación por avaliación corresponderá á suma dos puntos anteriores correspondentes, redondeada ó enteiro máis próximo. Se esta cualificación é maior ou igual a 5 o alumno estará aprobado.

A cualificación final do curso será a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo de esta media se considerarán as notas con decimais obtidas en cada avaliación e se redondeará ó enteiro máis próximo. Se esta cualificación é maior ou igual a 5 o alumno estará aprobado.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º BACHARELATO

Para O caso de matemáticas II, **ademais de todo o exposto anteriormente**, para o cálculo da nota final do curso, terase en conta:

- Traballo e participación na aula, participación activa no desenvolvemento da asignatura, elaboración de traballos complementarios propostos e/ou lecturas de carácter científico propostas ou outras iniciativas que poidan surxir e sexan pedagóxicamente relevantes ao xuízo do profesor. A súa ponderación é dun 10%.
- Probas escritas feitas. A súa ponderación é dun 90%. Para a nota global obtida a partir das notas escritas, teremos en conta os 4 bloques nos que se divide a materia ao cal asignaremos as seguintes ponderacións: 30% Análise; 20% Alxeбра; 30% Xeometría; 20% Estatística.

Para o caso de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, faranse dous exames por avaliación. O primeiro ponderará un 30% da nota final, e o segundo un 60%. O 10% restante corresponde a nota obtida pola actitude e traballo diario.

A cualificación final do curso será a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo de esta media se considerarán as notas con decimais obtidas en cada avaliación e se redondeará ó enteiro máis próximo. Se esta cualificación é maior ou igual a 5 o alumno estará aprobado.

2.EXAMES DE RECUPERACIÓN

Os alumnos coa avaliación suspensa (con nota de avaliación inferior a 5) deberán recuperar tódalas unidades didácticas vistas durante a avaliación, a través dunha proba escrita. Tamén se poderán presentar a esta proba, aqueles alumnos que queiran subir a nota da avaliación.

No caso de aprobar o exame de recuperación, a nota da avaliación será a media aritmética da nota do exame e a nota que tiña na avaliación (con decimais), sempre e cando esta media sexa superior a 5. Se a media non supera o 5, pero o alumno aprobou a recuperación, entón levará un 5 na avaliación. Para os alumnos que se presentan para subir nota, se a cualificación final é menor que a que tiñan na avaliación, manterase a nota que tiñan nun principio.

A final do curso realizarase unha proba final para todos aqueles alumnos que non recuperaran algunha ou ningunha avaliación, ou ben para aqueles que queiran subir a nota final da materia. A cualificación do exame final será dun máximo de 10 puntos, e a nota de final de curso será a media da nota deste exame e a nota media das tres avaliacións, sempre e cando de un valor maior ou igual a 5. Se dita media non chega ao 5, pero o alumno aproba o exame de recuperación, entón levará un 5 na nota final de curso. Para os alumnos que se presentan para subir nota, se a cualificación final é menor que a que tiñan na avaliación, manterase a nota que tiñan nun principio.

3.PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O Departamento convocará aos alumnos que teñan pendentes materias de anos anteriores dun modo específico. O procedemento será diferente no caso do ensino obrigatorio respecto o do Bacharelato.

No caso do Ensino Obrigatorio (ESO):

Haberá dúas probas parciais, unha no segundo trimestre e outra no terceiro trimestre.

Haberá tamén no terceiro trimestre unha proba final (a data desta determinarase pola xefatura de estudos) , que terá carácter de proba global. Na proba final examinaranse de toda a materia os alumnos que non teñan superado algún dos parciais; no caso dos alumnos que teñan superado algún dos parciais, quedarán exentos de examinarse de dita materia na proba final.

Daráselle tamén a oportunidade de aprobar a pendente, aprobando as avaliacións do curso no que está:

Se un alumno aproba a primeira avaliación do curso no que está, quedaralle aprobado o primeiro parcial da materia pendente, sen ter que presentarse á primeira proba parcial, facendo coincidir a nota coa nota da avaliación. E se aproba a segunda avaliación do curso no que está, quedaralle aprobado o segundo parcial da materia pendente, sen ter que presentarse á segunda proba parcial, facendo coincidir a nota coa da avaliación.

Se un alumno ten unha cualificación final de 5 no curso no que está, quedaralle aprobada a materia pendente.

Os alumnos con adaptación curricular en matemáticas, que teñan pendente as matemáticas de cursos anteriores (tamén con adaptación curricular) , daráselle por aprobada a pendente se aproba a 1ª e a 2ª avaliación do curso no que está, en caso contrario terá que ir á proba final, na que lle entrarán os contidos da adaptación curricular da pendente.

No caso do Bacharelato, haberá unha primeira proba, no mes de xaneiro, na que entrará todo o temario do curso. Os alumnos que superen dita proba, terán aprobada a materia; para os que non superen esta proba, terán outra proba no mes de abril (a data desta proba será fixada por xefatura de estudos), tamén con toda a materia suxeita a exame.

No caso das convocatorias da ESO, faranse dun modo personalizado e coa correspondente entrega ao alumnado dun boletín de exercicios semellantes aos que se plantexarán nos exames. No caso de Bacharelato, a preparación da proba será de forma autónoma, podendo preguntar a calquera profesor do departamento as dúbidas que lles poidan xurdir no proceso de preparación.

4.AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (SETEMBRO)

O alumnado que non aprobe a materia en xuño terá que presentarse á proba extraordinaria de setembro e deberá facelo da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso, sendo avaliado única e exclusivamente pola realización desta proba.

Dita proba deseñarase entre tódolos membros do departamento no mes de xuño e será única para tódolos grupos de cada curso . Quedará custodiado na Xefatura de Estudos do centro en sobre pechado ata setembro.